

Beatriz DOLDÁN VARELA

Desprestixio

O paxaro de ferro abriu a súa boca,
retorcida polo lume,
para berrar que o barco se afundira
nas escuras augas da inxustiza.

Voou o seu laio pegañento de medo e brea
ata as húmidas catacumbas,
onde, agochados das ruínas do Imperio,
debuxabamos na area peixes e Nunca Máis.

(novembro 2013,
tras coñecer a derradeira sentenza sobre o Prestige)

Fío entre as mans

Quero escribir sobre ti e non me deixas,
xogos florais e rimas graciosas cuspidas nos ollos e na boca.
“Déixate de rosas e discursos!, —espétasme—,
que se queredes homenaxes, quitádeme horas de xornal,
compartide os nenos e os anciáns que son de todos,
converte a agulla e a tixola en libros e camiños ceibes,
deixándome rir, ás veces chorar, deixándome vivir, e non só soñar.
E xa se cadra, ti que escribes con boa letra, mándalle recordos
dunha costureira a Amancio.
Dille que non esqueza as nosas mans nin a nosa terra”.

(marzo 2013,
para o Día da Muller Traballadora)

Vieitez

As fotos como vísceras secando ao sol
 dunha *casquería* de luxo.
 Os soños mortos baixo as pálpebras caídas
 das mulleres vellas,
 mentres os cardados imposíbeis das aínda tenras
 parecen querer fuxir
 dun futuro certo.
 Os *gourmets* da cultura chegan buscando antropoloxía,
 e sorrín ante a tribo
 dende a levidade da pedantería.
 Un rapaz mesetario,
 o hemisferio dereito afeitado e o xeito alternativo,
 pásmase:

—*¿Lo ves, tía? Lo que yo te digo:
 ¡Los gallegos viejos no tienen vértebras!*

(para a Exposición Virxilio Vieitez en Madrid,
 Espacio Fundación Telefónica)

Vós sodes a miña patria

Partiron sen billete de volta,
 o de ida era prestado.
 Prendido nos vestidos
 e nos traxes de domingo,
 levaban o adeus a unha patria
 que non sabía ser nai.

Emigrados ou mortos,
 non distingue a hedra,
 que hoxe é dona
 das súas casas baleiras.

Mais volverán.
 Serán a nosa paisaxe fértil.
 Regresarán na chuvia,
 definitivamente,
 borrasca atlántica
 que negará as súas ausencias.

E da miña varela seca
 brotará unha cerdeira.
 Vella.
 Nova.